



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de colocación dunha placa conmemorativa do trixésimo aniversario do traslado da sede do Parlamento de Galicia ao pazo de Fonseca

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2012 // 11,00h

Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

Ex presidentes da Xunta de Galicia.

Ex presidente do Parlamento de Galicia.

Membros da Mesa e portavoces do Parlamento de Galicia.

Ex deputados e deputadas do Parlamento de Galicia.

Señoras e señores:

Mañá, sábado, 30 de xuño, cumpríranse trinta anos desde que o Parlamento de Galicia realizase a súa primeira sesión plenaria neste Salón Artesado do pazo de Fonseca, logo estar ocupando durante seis meses a súa primeira sede provisoria do pazo arcebispal de Xelmírez.

Se ben o paso da Cámara galega por Xelmírez resultou pouco máis que fugaz, este pazo de Fonseca foi sede do poder legislativo galego durante case sete anos, período durante o cal a institución, ao igual ca o sistema autonómico no que se insire, foron madurando ata acadar a plena consolidación dos nosos días.

Durante os actos de conmemoración do trixésimo aniversario do Parlamento que celebramos o pasado ano, non me cansei de repetir que a Galicia dos nosos días é o que é, en gran parte, grazas á capacidade de autogoberno que se foi articulando a partir das súas institucións autonómicas, entre as



que o Parlamento constitúe a auténtica e insubstituíble pedra angular.

Por iso, e tal como fixemos en decembro pasado no pazo de Xelmírez, o Parlamento de Galicia acode hoxe a Fonseca para deixar pública constancia do noso fondo agradecemento á Universidade de Santiago de Compostela.

Agradecemento, reitor, por unha hospitalidade que merece ser destacada desde o punto de vista material, porque o Parlamento carecía de sede física na que reunirse e desenvolver as súas obrigas.

Pero gratitude, tamén e sobre todo, polo elevado valor simbólico da cesión, efectuada por unha universidade cinco veces centenaria a un Parlamento no que, daquela, todo ou case todo estaba aínda por facer, nunha época de grande ilusión pero tamén de certas dúbidas e desconfianzas ante a necesidade de asentir as institucións previstas no noso Estatuto de autonomía de 1981.

Se tres décadas atrás os retos pasaban por afianzar as institucións democráticas e construír entre todos o Estado das autonomías plasmado na Constitución do 78, os retos de hoxe non son menores.

Semellantes, nalgúns casos, aos de entón, como a necesidade de forxar unha armazón de confianza recíproca entre as institucións e os cidadáns.

Pero tamén retos novos e desafiantes, pero de materialización posible, como a edificación dunha sociedade con principios renovados; unha sociedade que preserve o estado de benestar no que todos cremos e que todos desexamos mellorar; unha sociedade na que a concordia, que reclamo sen desmaio para a institución parlamentaria, o



impregne todo; unha sociedade, en suma, aberta, plural e solidaria.

De novo, moitas grazas, reitor, e moitas grazas tamén a todos os compañeiros deputados e ex deputados que esta mañá buscaron un oco para acompañarnos neste acto tan significativo e entrañable para nós co que pechamos a celebración do trixésimo aniversario do Parlamento de Galicia.